



XUNTA DE GALICIA

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

**Colexio Rural Agrupado
NOSA SEÑORA DO FARO**

Tr. Rúa do Concello 14
15110 - Ponteceso. A Coruña

Tfno./Fax: 981 714 692
E-mail: cra@raescuela.net
Web: www.raescuela.net



PROXECTO DE INNOVACIÓN EN NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Colexio Rural Agrupado Nosa Señora do Faro. Ponteceso.

Elaboración: xuño 2007



XUNTA DE GALICIA

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

**Colexio Rural Agrupado
NOSA SEÑORA DO FARO**

Tr. Rúa do Concello 14
15110 - Ponteceso. A Coruña

Tfno./Fax: 981 714 692

E-mail: cra@raescuela.net

Web: www.raescuela.net



Coordinadora:

Pérez Díaz, M.^a Esther

Membros do equipo:

Barreiro Carujo, Rosa M.^a

Roo Casal, Sandra

Montáns Cousillas, Ana



XUNTA DE GALICIA

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

**Colexio Rural Agrupado
NOSA SEÑORA DO FARO**

Tr. Rúa do Concello 14
15110 - Ponteceso. A Coruña

Tfno./Fax: 981 714 692
E-mail: ra@raescuela.net
Web: www.raescuela.net



INTRODUCCIÓN

Ao abeiro da Orde da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do 28 de maio de 2007 (DOG do 5 de xuño de 2007) que convoca premios a proxectos de innovación en normalización lingüística de centros de titularidade da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para desenvolver no curso académico 2007-2008, o CRA Nosa Señora do Faro, solicita participar nesta convocatoria realizando o dito proxecto. Este colexio rural agrupado pertence ao concello de Ponteceso, é de recente creación, funciona dende setembro de 1998 e agrupa as escolas de Brantuas, Campara, Pazos, Tallo, A Trabe e Xornes.

XUSTIFICACIÓN

O CRA Nosa Señora do Faro veu consolidar e mellorar o traballo para desenvolver nas nosas escolas.

Por unha parte, a chegada de mestres especialistas enriqueceu o noso ensino, ao impartir especialidades coma inglés, música... que equiparan cando menos os nosos nenos á aprendizaxe que reciben noutros centros. A mellora económica, a dotación de material e un ideal de traballo veñen completar a nosa forma de entender a educación.

O noso centro está formado por seis unidades situadas en seis parroquias pertencentes ao concello de Ponteceso, a unha distancia media entre elas de oito quilómetros. Na vila de Ponteceso temos a sede do CRA, onde o profesorado acode nas horas libres e tamén asiste ás reunións.

Unha vez constituído o CRA, o centro presentouse ao proxecto de anticipación de lingua inglesa. Este proxecto, aprobado pola Administración e desenvolvido polas diferentes especialistas coma a de lingua inglesa, afecta a toda a etapa da educación infantil, xa que as nosas aulas escolarizan nenos dende 3 ata 8 anos.



XUNTA DE GALICIA

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

**Colexio Rural Agrupado
NOSA SEÑORA DO FARO**

Tr. Rúa do Concello 14
15110 - Ponteceso. A Coruña

Tfno./Fax: 981 714 692
E-mail: cra@raescuela.net
Web: www.raescuela.net



O centro comezou a traballar en tecnoloxía no ano 2001, coa creación de www.raescuela.net, que foi o gran punto de partida e a base da nosa metodoloxía de traballo, desenvolvido dende entón e que levou a acadar, ao noso CRA, logros a nivel educativo e o recoñecemento con varios premios no ámbito autonómico e internacional.

O noso CRA participou ata o ano 2004 nun proxecto Comenius no que creou, con catro países, un museo virtual de plantas e flores. Supuxo para o centro un grande avance no eido educativo e tecnolóxico a participación no quinto programa marco Chimer. Este é un proxecto que se enmarca dentro do quinto programa marco da Comisión Europea (IST Programme – 5thFP), onde o CRA foi a única escola rural de toda España en participar nun quinto programa marco da Comunidade Europea, proxecto www.chimer.org <<http://www.chimer.org/>> e <http://www.cultivate-int.org/issue8/chimer/> para a introdución do Mobile learning nas escolas rurais, mediante a creación de contidos culturais relacionados co patrimonio.

Nas nosas aulas, ademais do equipo informático enviado pola consellería, temos dúas pantallas interactivas Smartboard, unha conseguida cos cartos do premio concedido no European Schoolnetwork, no Parlamento Sueco. A segunda co premio Mite, concedido no ano 2006 en SIMO en Madrid. Ademais, acabamos de acadar un premio DIM co que nos concederon unha nova pantalla e esperamos recibir por primeira vez unha da Consellería de Educación, que sería a primeira que nos chega da Administración, xa que as outras fómolos conseguindo como premio ao noso labor.

No curso 2004-2005, o noso centro acadou a certificación ISO 9001-2000, pasando con éxito as auditorías de Aenor. No mes de xuño, concedéusenos o premio á calidade educativa, por parte da Consellería de Educación.

Nas nosas aulas, as TIC son ferramenta imprescindible no noso traballo diario, a participación e a implicación das nosas familias é un punto moi importante para avanzar neste sentido. A procura da innovación en todos os campos da educación están sempre orientados á mellora da calidade do ensino e, cando menos, a intentar que o noso labor sexa consecuente cos tempos nos que se desenvolve. Sempre aprendendo dentro do contorno próximo, costumes, tradicións, etnografía, lingua, xeografía..., nas que contamos cos coñecementos que achegan as familias sobre diferentes temas.



XUNTA DE GALICIA

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

**Colexio Rural Agrupado
NOSA SEÑORA DO FARO**

Tr. Rúa do Concello 14
15110 - Ponteceso. A Coruña

Tfno./Fax: 981 714 692
E-mail: cra@raescuela.net
Web: www.raescuela.net



É para nós moi importante fomentar o gusto pola lectura nas nosas aulas; dende hai anos, estamos a traballar coa biblioteca da nosa páxina web, onde temos os libros que son adquiridos polos nenos, nenas, mestres e familias e que desenvolve o proxecto de mellora de bibliotecas escolares, que foi premiado pola Consellería de Educación para desenvolverse no curso 2005-06.

Seguindo coa nosa filosofía de traballo, entendemos que a educación debe ser un todo dentro do mundo que nos rodea, ten moita importancia e forma parte do noso traballo nas aulas o respecto, o coidado e a aprendizaxe no medio. Por iso, o CRA participa dende a primeira convocatoria proposta polo Grupo Voz, no Certame Voz Natura, onde o centro realiza diversas actividades, ao longo dos diferentes cursos, con diferentes propostas relacionadas co medio e no que contamos coa participación e coñecementos sobre a natureza que nos achegan as familias dos nosos nenos.

No curso 2005-06, presentamos un proxecto realizado en relación co medio e a tecnoloxía aos premios de innovación, dentro da categoría de enerxías renovables do Inega, proxecto que foi premiado e polo que o centro recibiu un equipo de enerxías eólica e solar, que está instalado nunha das súas aulas.

Solicitamos beneficiarnos destes premios a proxectos de innovación, xa que a súa filosofía forma parte do noso traballo e contribúe a mellorar o ensino-aprendizaxe na lingua galega.

Na actualidade, os nosos nenos aprenden en todas as áreas en lingua galega, agás en lingua castelá. Ademais, este ano estamos participando no proxecto de fomento da lingua galega en educación infantil.

Solicitamos beneficiarnos deste proxecto porque o noso centro xa leva facendo isto dende hai varios anos. Primeiro, cando eramos só escolas unitarias e, dende o ano 1998, no que quedamos constituídos como un CRA, así consta en todos os documentos do centro (PEC, PXA, PCC, DRD...).

Este curso xa participamos no proxecto de fomento do ensino en lingua galega en educación infantil, así como no proxecto de fomento do uso do galego e creamos un blog, un podcast e empregamos un encerado dixital interactivo (PDI).

O vindeiro curso temos pensado seguir innovando coas novas tecnoloxías para o fomento da lingua galega nas nosas escolas. E este ano probaremos tamén con contidos novos a través da telefonía móbil.



XUNTA DE GALICIA

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

**Colexio Rural Agrupado
NOSA SEÑORA DO FARO**

Tr. Rúa do Concello 14
15110 - Ponteceso. A Coruña

Tfno./Fax: 981 714 692
E-mail: cra@cras escuela.net
Web: www.cras escuela.net



ANÁLISE SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO

Ponteceso está situado na comarca de Bergantiños, forma a fronte setentrional da ría de Corme e Laxe. Os seus 90,84 km enmárcanse entre o Roncudo e a enseada da Insua.

As súas catorce parroquias (Anllóns, Brántuas, Cores, Corme Aldea, Corme Porto, Cospindo, Graña, Langueirón, Nemeño, Niñóns, Pazos, Tallo, Tella e Xornes) xuntan os 8.035 habitantes, repartidos nas 73 entidades de poboación. Os maiores núcleos son Corme Porto, Ponteceso (capital municipal), Corme Aldea e Pazos.

O seu relevo presenta unha gran variedade. Alternan montes e vales. Os montes ofrecen unha intensa ocupación forestal. Sobresae o monte Branco e, ao seu pé, sitúase a praia de Balarés, cun antigo embarcadoiro de mineral, ademais do cordón litoral da Barra, que pecha a enseada. Abundan as praias (Niñóns, Balarés, A Barda, Corme...). O porto pesqueiro do municipio é Corme. Como recensión histórica, hai exemplos do Románico nas igrexas de Anllóns e Cores e do Barroco nas igrexas de Brántuas e de Nemeño.

Do século XVIII son os pazos de Pondal en Ponteceso e o de Sergude en Xornes. Do século pasado, quedan casas de estilo modernista.

Se facemos unha análise socioeconómica, vese un crecemento demográfico ata 1940 e logo un descenso debido ao forte éxodo rural ás cidades próximas e cara a Suíza, o que provoca que conte cunha poboación vella.

O sector primario ocupa un 33% dos activos. As terras son gandeiras e hortícolas e son moi apreciadas as fabas da Trabe.

Todo isto témolo que ter en conta á hora do proceso de aprendizaxe e así se fixo cada vez que se realizaron propostas ou proxectos, como foi o caso do Chimer, no que se incluíron contidos de patrimonio, medio ambiente, xogos populares...



XUNTA DE GALICIA

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

**Colexio Rural Agrupado
NOSA SEÑORA DO FARO**

Tr. Rúa do Concello 14
15110 - Ponteceso. A Coruña

Tfno./Fax: 981 714 692
E-mail: cra@crasculera.net
Web: www.crasculera.net



Mapa e fotos das escolas



OBXECTIVOS QUE SE PRETENDEN ALCANZAR

- Potenciar e promover o uso da lingua galega en todas as actividades do centro.
- Empregar o galego tanto dentro coma fóra da aula.
- Falar con liberdade e seguridade nun medio oral.
- Contribuír a un mellor coñecemento da nosa cultura.
- Facilitar o contacto co mundo da literatura galega.
- Fomentar o gusto pola audición das distintas manifestacións da tradición oral.
- Fomentar o interese pola audición da música galega.
- Facilitar o primeiro contacto co mundo do teatro en galego.
- Ampliar o fondo bibliográfico do colexio.
- Crear un fondo fonográfico de música galega.



XUNTA DE GALICIA

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

**Colexio Rural Agrupado
NOSA SEÑORA DO FARO**

Tr. Rúa do Concello 14
15110 - Ponteceso. A Coruña

Tfno./Fax: 981 714 692
E-mail: cra@raescuela.net
Web: www.raescuela.net



- Ampliar o fondo videográfico do colexio.
- Ampliar a nosa lingua a través das novas tecnoloxías da información e da comunicación.
- Intentar acadar unha valoración positiva no uso da lingua galega por parte da comunidade educativa.
- Mellorar a competencia lingüística dos membros da comunidade educativa.
- Potenciar a presenza no ensino da realidade, cultura, historia, xeografía, economía, etnografía, lingua, literatura, arte e folclore galegos.
- Proporcionarlles aos pais toda a información que recaden do centro sempre en galego, tanto se se trata de información oral coma de información escrita.
- Utilizar a lingua galega nas reunións colectivas de grupo, de nivel, de ciclo... cos pais.
- Utilizar a lingua galega nas enquisas persoais do profesorado cos pais.
- Buscar a colaboración dos pais naquelas actividades que se pretendan levar a cabo para o mellor coñecemento dos nosos costumes, cultura e un maior coñecemento da nosa lingua.
- Facilitarlles aos coordinadores de ciclo o material axeitado para potenciar a incorporación da cultura galega ao ensino nas áreas do currículo.
- Realizar un maior coñecemento do seu contorno e da súa cultura máis próxima.
- Empregar actividades de fomento do uso do galego aplicando as tic na escola.



XUNTA DE GALICIA

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

**Colexio Rural Agrupado
NOSA SEÑORA DO FARO**

Tr. Rúa do Concello 14
15110 - Ponteceso. A Coruña

Tfno./Fax: 981 714 692
E-mail: cra@raescuela.net
Web: www.raescuela.net



ASPECTOS PARA CONSIDERAR NA PROPOSTA DE OBXECTIVOS

- Potenciación do uso da lingua galega en todas as actividades do centro.
- Valoración positiva do uso da lingua galega por parte da comunidade educativa.
- Mellora da competencia lingüística dos membros da comunidade educativa.
- Potenciación da presenza no ensino da realidade, cultura, historia, xeografía, economía, etnografía, lingua, literatura, arte e folclore galegos.
- Empregar actividades de fomento do uso do galego aplicando as tic na escola:
 - Emprego da telefonía móbil, fotos jpg, audios en MP3, vídeos en 3GP...
 - Emprego dun encerado dixital interactivo (EDI) para a creación de material en galego.

DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO

EMPREGO DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN NA INNOVACIÓN DO FOMENTO DA LINGUA GALEGA

O CRA Nosa Señora do Faro de Ponteceso estivo a traballar en novas tecnoloxías dende o ano 2000.

Os últimos traballos en proxectos europeos baseáronse en telefonía móbil, creación de contidos fóra da aula e a posterior posproducción e traballo para a elaboración dunha web, na que participou profesorado e familias do centro.



XUNTA DE GALICIA

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

**Colexio Rural Agrupado
NOSA SEÑORA DO FARO**

Tr. Rúa do Concello 14
15110 - Ponteceso. A Coruña

Tfno./Fax: 981 714 692
E-mail: cra@raescuela.net
Web: www.raescuela.net



Para o vindeiro curso, temos pensado realizar un proxecto co que, a través da tecnoloxía móbil, lles poidamos ensinar aos nosos nenos e nenas coñecementos do seu patrimonio cultural e ambiental, tan próximo a eles e, se cadra, tan alleo.

Para iso, formaremos os mestres e mestras novas que chegarán ao CRA o vindeiro setembro no uso destas ferramentas e tamén os nenos e nenas que o precisen. Os terminais móbiles son ferramentas máis coñecidas polo uso desfavorable en mans de xente nova que polas vantaxes que teñen. Os terminais móbiles 3G son dispositivos pequenos, máis de momento que calquera cámara dixital, e de uso case instantáneo. Un móbil está aceso no noso peto e, no momento en que hai algo que chama a nosa atención, non temos máis que sacalo, abrir o dispositivo que oculta o visor e xa temos a instantánea ou o vídeo ou calquera das posibilidades que nos ofrecen. Do mesmo xeito, podemoslle enviar esa información a outro usuario ou ben subila a un servidor, como foi no caso do proxecto Aitmes no que nós participamos.

Polo tanto, o terminal móbil é un elemento moi interesante no traballo cos nenos e nenas de calquera idade; de feito, nas nosas escolas hai un tempo que o veñen usando.

O desenvolvemento do noso proxecto tería lugar no primeiro trimestre do vindeiro curso 2007-2008. Para iso, contaríamos cos coñecementos das nais que participaron con nós no proxecto Aitmes e que teñen formación suficiente e que, ademais, colaboran con nós en todo aquilo que ten que ver coa tecnoloxía e coa educación dos seus fillos.

- PREPARACIÓN

Os mestres serán formados polas nais (xa que non tivemos ningún pai no proxecto) e mestres que teñen coñecementos en 3G e pensamos que os nenos aprenden moito máis sobre o territorio (*learning by doing*), tendo en conta que moitos dos nosos nenos e nenas xa teñen coñecementos nestas ferramentas.

Por outra parte, temos recollidas de expertos da zona e persoal científico sobre patrimonio e medio ambiente, que achegará unha información técnica e obxectiva sobre os obxectos en cuestión. Pensamos que unha información exhaustiva e real é a mellor forma de que os nosos nenos e nenas coñezan a fondo o seu contorno máis próximo; ademais, a maioría das veces esta



XUNTA DE GALICIA

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

**Colexio Rural Agrupado
NOSA SEÑORA DO FARO**

Tr. Rúa do Concello 14
15110 - Ponteceso. A Coruña

Tfno./Fax: 981 714 692
E-mail: cra@cras escuela.net
Web: www.cras escuela.net



información está cargada dun anecdotario importante que axuda a recordar e a valorar doutro xeito os contidos que aprendemos.

Intentaremos facelo nos primeiros meses, buscando asegurar o tempo que nos permita gozar da saída ao territorio, de xeito que potencie a motivación de todas as persoas participantes.

- SAÍDA

Dividiremos as saídas en tres, que aglutinen patrimonio, medio ambiente e edificios singulares, como poden ser a casa de Eduardo Pondal, próxima ao noso centro.

Para estas saídas, faremos unha ruta que seguiremos cos GPS e marcaremos no mapa a ruta realizada, o que xerará actividades anteriores e posteriores na aula.

Nestas saídas, os nenos e nenas recollerán a información empregando os móbiles, gravarán audios, vídeos e fotos, recollendo todo aquilo que máis lles chamou a atención do que aprenderon.

Moitos de nós recolleremos as súas actitudes ante a ferramenta e aprenderemos das súas actuacións para ter en conta en próximas saídas.

Estas rutas estarán acompañadas de momentos de lecer con merendas en sitios axeitados para este que fagan o momento agradable e motivador.

Tal e como ocorreu noutras saídas coas nais, achegaron información sobre lendas e datos curiosos que forman parte do patrimonio lingüístico e de tradición oral da zona.

- POSPRODUCCIÓN

Unha vez rematadas as diferentes rutas, recuperaremos toda a información e intentaremos subilas á web do centro. Algúns dos nenos e nenas terán que aprender a edición dos contados: as fotos en jpg, os audios en MP3 e os vídeos en 3GP, sistemas que son moi sinxelos e que forman parte do seu presente máis inmediato.

Con todo isto, queremos facer unha ponte entre a cultura popular e as novas tecnoloxías. As familias recoñecen a importancia das cousas cando ven que nós centramos o noso interese, porque cremos que o ten, e moito, en todo o patrimonio e feitos culturais da zona de Ponteceso. Existen moitas lendas, contos populares, regueifas, coplas, cantigas, supersticións e tradicións (como quendas nos lavadoiros, que nos chamaron moito a atención...) que dan unha riqueza que é unha pena que se perda ou minusvalore. Queremos que isto non lles pase aos nosos nenos e nenas e que valoren a súa cultura e



XUNTA DE GALICIA

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

**Colexio Rural Agrupado
NOSA SEÑORA DO FARO**

Tr. Rúa do Concello 14
15110 - Ponteceso. A Coruña

Tfno./Fax: 981 714 692
E-mail: cra@cras escuela.net
Web: www.cras escuela.net



a importancia da zona na que viven, así como a súa lingua, que lle dá vida a todo o que aprenden.



DESCRIPCIÓN DAS ACTIVIDADES

Durante o desenvolvemento do proxecto, levaranse a cabo as seguintes actividades:

- ✓ Adquisición de material pedagóxico-didáctico en galego.
- ✓ Promover o uso da lingua galega en todas as actividades de tradición cultural, a través da elaboración de obras sinxelas en galego e da aprendizaxe de cantigas recollidas do cancionero popular galego.
- ✓ Participar en actividades de promoción do galego organizadas por entidades distintas do centro (asociacións culturais, APA, Concello, outros centros...).
- ✓ Saídas educativas para coñecer as tradicións e os costumes culturais do contorno dos nenos e nenas das escolas.



XUNTA DE GALICIA

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

**Colexio Rural Agrupado
NOSA SEÑORA DO FARO**

Tr. Rúa do Concello 14
15110 - Ponteceso. A Coruña

Tfno./Fax: 981 714 692
E-mail: cra@raescuela.net
Web: www.raescuela.net



- ✓ Recollida de contos, adiviñas, xogos populares da zona e vivilos cos nenos e as nenas nas escolas, para que formen parte do seu contorno cultural.
- ✓ Proposta dun conto por mes para traballar na aula con material elaborado polo profesorado.
- ✓ Adquisición de material bibliográfico, de audio e vídeo en galego.
- ✓ Diseñar posibles actividades que fomenten o uso do galego nos distintos estamentos da comunidade educativa.
- ✓ Participar con outros centros educativos en proxectos de fomento do uso da lingua galega.

A UTILIZACIÓN DE RECURSOS

Para levar a cabo este proxecto, utilizaremos recursos como: teléfonos móbiles, fotos en jpg, audios en MP3, vídeos en 3GP, ordenadores, CD, DVD, encerado dixital interactivo (PDI)... e máis material informático. Tamén utilizaremos material funxible, libros...

PARTICIPACIÓN DOS MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA E COLABORACIÓN CON INSTITUCIÓNS DO CONTORNO

No noso CRA, contamos con toda a colaboración e participación de todo o equipo que forma normalización lingüística, ademais de todos os membros da comunidade educativa deste centro e tamén outras institucións, entidades ou asociacións externas ao centro como son ANPAS, persoal da zona especializado na cultura, xeografía, etnografía e lendas, Concello, colexio... Este ano, o IES de Ponteceso, co que mantemos un estreito contacto por diferentes motivos educativos e co que colaboramos e participamos sempre que nos é requirido, propúxonos participar con eles no proxecto de fomento de uso do galego coa realización de diferentes



XUNTA DE GALICIA

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

**Colexio Rural Agrupado
NOSA SEÑORA DO FARO**

Tr. Rúa do Concello 14
15110 - Ponteceso. A Coruña

Tfno./Fax: 981 714 692
E-mail: cra@raescuela.net
Web: www.raescuela.net



actividades, como a participación da revista escolar, xornadas de portas abertas...

O PLAN DE AVALIACIÓN

A avaliación será continua e realizaremos unha avaliación ao longo do proxecto que pretendemos desenvolver e das súas conclusións daremos conta na memoria anual. Os responsables serán a directora e o equipo de normalización.

NECESIDADES DE FORMACIÓN DO PROFESORADO

Para iso, formaremos os mestres e mestras novas que chegarán ao CRA o vindeiro setembro no uso destas ferramentas e tamén os nenos e nenas que o precisen, xa que hai mestres con gran capacidade para a utilización e o manexo das novas tecnoloxías.

MEDIDAS PARA A DIFUSIÓN DO PROXECTO

Obxectivos orientados á utilización do idioma galego nas actividades do centro:

Empregar a lingua galega como vehículo de expresión nas relacións internas de carácter oficial dos órganos de goberno e dos órganos de coordinación docente.

Medidas

- Toda a documentación dos órganos de goberno e aquela realizada nas diferentes coordinacións, comunicacións ao profesorado, notas informativas, correo da semana... realizaranse en lingua galega.
- Realizarase en galego toda a documentación enviada á Administración educativa, local e provincial, así como as informacións enviadas aos



XUNTA DE GALICIA

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

**Colexio Rural Agrupado
NOSA SEÑORA DO FARO**

Tr. Rúa do Concello 14
15110 - Ponteceso. A Coruña

Tfno./Fax: 981 714 692
E-mail: cra@raescuela.net
Web: www.raescuela.net



pais, carteis informativos e aquelas enquisas de forma oral ou escrita realizadas ás familias.

- Utilizar a lingua galega como vehículo de expresión nas relacións de carácter oficial dos órganos de goberno, de coordinación docente, se é o caso, e do profesorado cos distintos órganos das administracións educativa, local, provincial, así como coa comunidade educativa.
- Utilizar, progresivamente, a lingua galega como vehículo de expresión nas relacións entre profesores, alumnos e entre estes e aqueles.
- Todas as conversas cos nosos nenos e nenas serán en lingua galega, agás na hora de lingua castelá.
- Tamén se procurará que a lingua de comunicación entre o profesorado do centro sexa en lingua galega.
- Empregar, progresivamente, a lingua galega como vehículo de expresión nas relacións de profesores, alumnos e ANPA, cos pais de alumnos, persoas que acoden ao centro, visitas a institucións e centros do contorno...
- Procurarase que a lingua galega sexa o noso medio de comunicación, tanto oral coma escrito, na nosa vida cotiá.
- Empregar actividades de fomento do uso do galego aplicando as tic na escola:
 - Emprego da telefonía móbil, fotos jpg, audios en MP3, vídeos en 3GP...
 - Emprego dun encerado dixital interactivo (EDI) para a creación de material en galego.



XUNTA DE GALICIA

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

**Colexio Rural Agrupado
NOSA SEÑORA DO FARO**

Tr. Rúa do Concello 14
15110 - Ponteceso. A Coruña

Tfno./Fax: 981 714 692
E-mail: cra@raescuela.net
Web: www.raescuela.net



Proxectos para a valoración positiva do uso do galego por parte dos pais, profesores, alumnos e APA

Obxectivo: potenciar a valoración positiva do uso do galego polos integrantes da comunidade educativa.

Medidas:

- Emprego do galego como lingua vehicular nas relacións de carácter oficial e non oficial.
- Rotulación do centro en galego.
- Elaboración de contos en galego, coa participación de toda a comunidade educativa.
- Colaboración dos pais no ensino, expoñendo, en galego, os aspectos máis salientables das súas profesións.
- Colaboración dos pais na recollida de contidos cos móbiles, en gravacións, recollida de datos...
- Potenciación do coñecemento biográfico e literario dos grandes autores galegos, a través da súa lectura e representación dramática das súas obras.

Proxectos para mellorar a competencia lingüística de pais, profesores e APA

Obxectivo: mellorar a competencia lingüística de pais, profesores e APAS.

Medidas:

Dirixidas aos pais:

- Potenciar a colaboración dos pais no proceso educativo.
- Desenvolvemento de faladoiros en lingua galega sobre temas de actualidade e interese.
- Desenvolvemento de cursos de formación.
- Lecturas e comentario de obras de autores galegos.



XUNTA DE GALICIA

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

**Colexio Rural Agrupado
NOSA SEÑORA DO FARO**

Tr. Rúa do Concello 14
15110 - Ponteceso. A Coruña

Tfno./Fax: 981 714 692
E-mail: cra@raescuela.net
Web: www.raescuela.net



- Colaboracións nos contidos elaborados por nenos e pais e achega de coñecementos sobre cultura e folclore galegos.

Dirixidas ao profesorado:

- ⇒ -Desenvolvemento de proxectos de formación en centros.
- ⇒ Facilitar a participación en cursos, xornadas, encontros... relacionados coa lingua galega.

Plan específico de potenciación do galego no ensino

Obxectivos:

- ❖ Potenciar a utilización da lingua galega como lingua vehicular no ensino.
- ❖ Incorporar nas programacións didácticas, sempre que resulte posible, a propia realidade, cultura, historia, xeografía, economía, etnografía, literatura, arte e folclore galegos.

Medidas:

- Empregar a lingua galega como lingua vehicular no ensino nos ciclos, áreas, agás lingua castelá.
- Proporcionarlles aos equipos de ciclo, a través do equipo de normalización lingüística, apoio para a incorporación nas programacións didácticas dos aspectos antes citados.
- Recuperar as manifestacións culturais do contorno, a través da investigación e do contacto cos maiores.



XUNTA DE GALICIA

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

**Colexio Rural Agrupado
NOSA SEÑORA DO FARO**

Tr. Rúa do Concello 14
15110 - Ponteceso. A Coruña

Tfno./Fax: 981 714 692

E-mail: cra@raescuela.net

Web: www.raescuela.net



Remítolle:

- Solicitude segundo o modelo de instancia do anexo I.
- Copia das actas de reunións do Claustro e do Consello Escolar.
- Proxecto en papel e copia en dixital do proxecto.

Ponteceso, de xuño de 2007

A directora

Rosa M.^a Barreiro Carujo

Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Coruña
Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa da Secretaria Xeral de Política
Lingüística
Gabinete de Normalización Lingüística da Coruña,



XUNTA DE GALICIA

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

**Colexio Rural Agrupado
NOSA SEÑORA DO FARO**

Tr. Rúa do Concello 14
15110 - Ponteceso. A Coruña

Tfno./Fax: 981 714 692

E-mail: cra@raescuela.net

Web: www.raescuela.net



Edificio Administrativo de Monelos
Praza Luís Seoane, s/n
15071 - A Coruña